

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

ANTECEDENTES

1º.- A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou como emerxencia de saúde pública de importancia internacional a expansión do virus SARS-CoV-2 (COVID-19).

2º.- O Consello de Ministros, reunido o 10 de marzo de 2020, aprobou o Real Decreto-Ley 6/2020, do 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública.

3º.- En data 12 de marzo de 2020 o Consello da Xunta de Galicia acordou unha serie de medidas especiais de prevención nos ámbitos da educación, o deporte, as actividades de ocio e as residencias de maiores en relación coa epidemia do virus “COVID- 19”.

Na mesma data, reunido en sesión extraordinaria o 12 de marzo seguinte, o Consello de Ministros adoptou novas medidas extraordinarias e excepcionais para, dun lado, limitar a propagación e o contaxio do virus COVID- 19 e, doutro lado, limitar o impacto económico causado pola enfermidade causada polo virus.

4º.- A Xunta de Goberno Local da Cidade de Santiago, reunida tamén o 12 de marzo, acordou diversas medidas para destinadas a limitar os contaxios polo COVID- 19, de conformidade coas adoptadas polo Consello da Xunta de Galicia.


FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispoñe no seu art. 25 que os concellos, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións dos veciños.

Doutro lado, no seu art. 26 a LBRL imponse aos concellos a prestación dunha serie de servizos obrigatorios e a lexislación sectorial en materia de cultura, deporte e tempo libre tamén lle atribúe competencias aos concellos galegos neses eidos.

2º.- O art. 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúelle aos concellos, sen prexuízo das competencias das demais Administracións Públicas, as responsabilidades, en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios, en materia de control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente, entre outros, nas áreas de actividade físico deportivas e de recreo.

A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, engade ás previsións da lexislación estatal a atribución das seguintes competencias aos concellos:



CONCELLO DE SANTIAGO

- O control sanitario das actividades e servizos que impacten na saúde da súa cidadanía.
- A realización de actividades complementarias das que sexan propias doutras Administracións Públicas nas materias obxecto desa lei, nos termos establecidos na lexislación reguladora do réxime local.

3º.- Como resulta nido e claro diante dunha situación excepcional como a presente, resulta imprescindible e ineludible adoptar novas medidas de carácter urxente a fin de loitar contra a expansión da enfermidade e velar pola protección da saúde dos cidadáns. En todo caso, a evolución dos acontecementos sen dúbida vai requirir a adopción de medidas adicionais no ámbito das competencias municipais complementarias das que acorden as Administracións Públicas competentes na materia de sanidade.

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Primeiro.- Declarar a situación de extraordinaria e urxente necesidade como consecuencia da pandemia provocada polo COVID-19, e na súa consecuencia:

- Habilitar á Alcaldía con carácter xeral para a aprobación dos gastos precisos para a adopción das medidas de emerxencia que resulten precisas.
- Dispor que os contratos de imprescindible celebración a consecuencia desta situación se tramiten consonte ao establecido no art. 120 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- A cada un dos contratos uniráselle un informe técnico no que se determine o seu obxecto e se xustifique a necesidade de sometelo a este trámite excepcional. As restantes prestacións que non correspondan coa situación de emerxencia tramitaranse polo procedemento común.
- Os contratos tramitados polo procedemento de emerxencia, os gastos executaranse aínda cando carezan de crédito orzamentario, pero non poderán ordenarse pagos en tanto en canto non se dispoña do mesmo. Só en casos excepcionais debidamente motivados se poderá realizar o pago, incluso mediante a modalidade de pagos a xustificar.

Segundo.- Aprobar o Protocolo de actuación do persoal municipal fronte ao COVID-19.

Terceiro.- Encomendar á Concellería Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local a elaboración de senllas propostas sobre:

- A incidencia nos contratos adjudicados polo Concello das medidas adoptadas para limitar a expansión do COVID- 19.
- A coordinación dos protocolos definidos polos servizos administrativos con atención ao público para reforzar a atención non presencial á cidadanía (telefónica e por medios telemáticos), promovendo a atención previa cita e habilitando

progresivamente os recursos materiais necesarios, a fin de evitar a concentración de persoas.

Cuarto.- Encomendar á Concellería Delegada de Políticas Sociais e Saúde e Concellería de Medio Ambiente, Parques e Xardíns a elaboración dunha proposta destinada a garantir o apoio aos colectivos de persoas especialmente sensibles ou de risco, sinaladamente os maiores e a poboación infantil.

Quinto.- Ordenar ás empresas contratistas de servizos de limpeza nas instalacións municipais (sinaladamente edificios de servizos administrativos, instalacións deportivas e culturais) que adopten as medidas precisas para cumprir cos protocolos de hixienización e desinfección aprobados polos órganos competentes en materia de saúde pública.

Sexto.- En relación coa prestación do servizo público urbano colectivo de viaxeiros:

1º. Tomar razón do acordado no Consello da Xunta de Galicia do 12/03/2020 (DOG nº 49 bis do 12/03/2020) e trasladar á poboación en xeral as seguintes medidas:

- Desaconsellar o uso do transporte público urbano aos seguintes grupos de poboación:
 - a) persoas especialmente vulnerables ás infeccións respiratorias ou con persoas destas características no seu contorno próximo;
 - b) persoas que presenten síntomas respiratorios ou que crean que teñen probabilidade de infección;
 - c) mulleres embarazadas.


2º. Tomar razón do acordado no Consello da Xunta de Galicia do 12/03/2020 e trasladar á empresa prestadora do servizo, de conformidade coa potestade de dirección prevista no art. 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e no art. 127.1.1ª do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, as seguintes medidas:

- Adopción das medidas de hixiene e desinfección de vehículos tanta veces como sexa posible ao longo da xornada, conforme aos protocolos establecidos polos órganos competentes en materia de saúde pública.
- Instalación de dispensadores de xeles hidroalcolicos invitando aos usuarios a que o empreguen ao subir e baixar do vehículo.
- Seguimento puntual das recomendacións sanitarias para a axeitada protección do persoal e dos usuarios.

Sétimo.- En relación coa prestación dos servizos públicos funerarios:

1º. Tomar razón do acordado no Consello da Xunta de Galicia do 12/03/2020 (DOG nº 49 bis do 12/03/2020) e trasladar á empresa contratista, de conformidade coa potestade de dirección prevista no art. 190 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público e no art. 127.1.1ª do Regulamento de servizos das Corporacións Locais, as seguintes medidas a aplicar nas instalacións do servizo:

- Limitar o aforo máximo das instalacións a 50 persoas, como máximo, incluído o persoal que preste servizos.
- Instalar dispensadores de xeles hidroalcolicos invitando aos usuarios a que o empreguen ao acceder e saír do recinto.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

- Realizar un seguimento puntual das recomendacións sanitarias para a axeitada protección do persoal e dos usuarios.

Oitavo.- Suspende, con efectos inmediatos, o mercado semanal que se desenvolve nas instalacións de Salgueiriños e o Mercado Nacional de Gando de Amio, de conformidade coas medidas excepcionais acordadas polo Consello da Xunta de Galicia en data 12/03/2020 (DOG nº 49 bis do 12/03/2020).

Noveno.- Suspende, con efectos inmediatos, as actividades de formación en materia laboral e os obradoiros de emprego organizados ou promovidos polo Concello, de conformidade coas medidas excepcionais acordadas polo Consello da Xunta de Galicia en data 12/03/2020 (DOG nº 49 bis do 12/03/2020).

Décimo.- Todas as medidas de suspensión de actividades acordadas pola Xunta de Goberno Local no día de onte e as que se detallan neste acordo terán unha duración ata o 27 de marzo de 2020, sen prexuízo do seu efecto inmediato e da posibilidade de prórroga.

Undécimo.- Dispor a publicación destes acordos no Boletín Oficial da Provincia e a súa inclusión nun bando da Alcaldía para o seu xeral coñecemento.

Duodécimo.- Dar conta ao Pleno da Corporación e á Xunta de Voceiros de todas as medidas excepcionais adoptadas.